



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

BASES ESPECIFICAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO MUNICIPIO E A SUA CONVOCATORIA PARA O ANO 2020

As presentes bases específicas, que rexerán a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o fomento da práctica do deporte no municipio, estarán suxeitas á Lei 38/3003 do 12 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS) e a o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, así como á Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e, no que non contradiga ás disposicións anteriores, á Ordenanza Xeral de Subvencións sen ánimo de lucro do Concello de Nigrán (BOP de 22/07/2005).

As presentes bases encádranse na liña estratéxica nº 2 das previstas no Plan Estratéxico de Subvencións Municipais (anos 2020 a 2023), aprobado en sesión plenaria do 28/09/2020.

1. OBXECTO DA SUBVENCIÓN

As presentes bases teñen por obxecto de regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades culturais que complementen a programación dos servizos municipais e que se realizaron con carácter público en Nigrán durante o ano 2020.

2. BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases as asociacións ou outras entidades asociativas sen ánimo de lucro que, cumprindo co establecido no artigo 10 da lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Nigrán cunha antigüidade de como mínimo seis meses respecto da data da convocatoria, e que teñan a súa sede social no termo municipal de Nigrán, con capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

3. FINANCIAMENTO

Para o exercicio 2020, o importe máximo ascenderá a 20.800 euros, de acordo coa consignación orzamentaria reflectida na partida 334 48000 do Orzamento Xeral para 2020.

A información contable relativa á execución das distintas aplicacións orzamentarias de subvencións/axudas será exposta ao público trimestralmente no portal de transparencia na páxina web do Concello.

4. GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen ata a data límite de presentación da solicitude e tamén con carácter excepcional os gastos derivados do cumprimento da normativa referida ao Covid-19.

En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Pola contra, non poderán ser obxecto de subvención:

- a) Investimentos ou equipamentos das Asociacións
- b) Gastos de funcionamento das mesmas. Neste sentido, non se considerarán gastos subvencionables os consumos de subministros como o teléfono, combustible, enerxía eléctrica dos locais ou calquera outro similar.
- c) O imposto sobre o valor acrescentado (IVA) que grave os gastos subvencionables só terá a consideración de subvencionable no suposto de non ser recuperable nin compensable pola entidade beneficiaria da subvención.
- d) Os intereses debedores das contas bancarias, intereses, recargas e sancións administrativas e





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

penais, gastos derivados de procedementos xudiciais, e outros semellantes.

O/s proxecto/s ou actividade/s a subvencionar será/n aquel/es que se sinale/n pola entidade no momento da solicitude. Unha vez concedida a subvención para un proxecto ou actividade concretos, non se poderán xustificar gastos correspondentes a proxectos ou actividades diferentes.

5. CRITERIOS DE OUTORGAMENTO

O importe das subvencións outorgadas non poderá ser de tal contía que, illadamente ou en conxunto con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total do programa ou da actividade para desenvolver polo beneficiario. Establecese un importe máximo total subvencionable por entidade de 2000 euros.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrència competitiva seguindo a seguinte orde entre as solicitudes admitidas, até que se esgote a partida orzamentaria.

Os criterios a valorar para a concesión das subvencións serán os seguintes:

- Características do proxecto:

Numero de poboación beneficiaria. Ata 30 puntos.

Ata 10 habitantes.....	0 puntos
11 a 25 “.....	5 puntos
26 a 50 “.....	10 puntos
51 a 100 “.....	20 puntos
más de 100 “.....	30 puntos

- Números de socios da asociación:

Terase en conta o número de socios segundo o rexistro municipal de asociacións na data da publicación das presentes bases. Ata 30 puntos .

Ata 50 socios.....	10 puntos
51 a 100 socios.....	20 puntos
101 ou máis socios..	30 puntos

- Antigüidade no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais,

máis de 8 anos.....	20 puntos
de 5 a 7 anos.....	15 puntos
de 3 a 4 anos.....	10 puntos
ata 2 anos.....	5 puntos

- Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios, etc.

A maior porcentaxe de cofinanciamento, maior puntuación. Ata 10 puntos,

0 a 49 %	5 puntos
50 a 99 %.....	10 puntos

- Uso exclusivo de instalacións privadas para desenvolver actividades: 30 puntos

- Emprego da lingua galega na realización das actividades pra as que se solicita axuda: 10 puntos.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

As entidades que soliciten subvencións ao abeiro desta modalidade obterán a cantidade que resulte da aplicación dos criterios anteriores, co límite máximo total por entidade indicado anteriormente.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

a)As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b)O prazo de presentación das solicitudes será de dez días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

c)A solicitude de subvención deberá formularse nos modelos normalizados incluídos no anexos I a V incorporados ás presentes bases específicas. Ademais deberá xuntarse a seguinte documentación:

- Copia do CIF da entidade solicitante.
- Certificación bancaria co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA da entidade beneficiaria.
- A documentación xustificativa prevista o apartado 7 das presentes Bases.

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

7. XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS E PAGO DA SUBVENCIÓN

Xunto coa solicitude de subvención deberá achegarse a seguinte documentación xustificativa de gastos:

a)Declaración asinada polo representante da entidade beneficiaria na que expresamente faga constar que tódalas facturas orixinais que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados, e que se corresponden aos fins para os que foi concedida a subvención (Anexo VI das presentes bases).

b)Memoria detallada da actividade, que acredite as actividades realizadas, participantes, resultados, obxectivos acadados e calquera outro dato de interese.

c)Memoria económica xustificativa das actividades realizadas, que conterá a seguinte documentación:

-Unha relación clasificada das facturas xustificativas dos gastos subvencionables na que conste: número de orde na relación, número de factura, data de emisión, expedidor, NIF/CIF, conceptos facturados, importe, IVE, data de pago. A tal efecto resultará abondo a achega do Anexo VI debidamente cumprimentado.

- As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no punto anterior e a documentación acreditativa do pago.

-Unha relación detallada dos ingresos ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia (Anexo VII das presentes bases)

-Calquera outra documentación de natureza económica que estimen relevante.

d)Impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada. No caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse tal circunstancia.

De non xustificarse a totalidade do importe subvencionable do proxecto ou actividade subvencionada, concederase unicamente a parte proporcional que poda corresponder segundo a xustificación achegada.

En caso de dúbidas, o Concello poderá requirir á entidade beneficiaria calquera outra documentación ou xustificación.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

As facturas xustificativas da actividade deberán emitirse a nome da entidade beneficiaria, e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

O Pagamento das subvencións efectuarase logo de verificarse polo Concello a documentación xustificativa, de conformidade co previsto nestas bases, e mediante transferencia bancaria.

8. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

a) A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle á Alcaldía e a valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída pola persoa titular da Alcaldía do Concello de Nigrán, a persoa titular da Concellería de Cultura, un concelleiro/a doutros grupos políticos da Corporación por quenda rotatoria, un funcionario/a técnico/a da área de Intervención, e un funcionario da área de Servizos Xerais e que tamén exercerá a secretaría da comisión. Todos e cada un dos membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.

b) A Comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.

c) A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

d) O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Alcaldía, previa proposta da Comisión de Valoración.

9. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

a) Estar ao corrente do cumprimento das obrigas de xustificación das anteriores axudas ou subvencións municipais das que teñan resultado beneficiarias. Non se concederán novas axudas ou subvencións en tanto non se xustificaran axeitadamente as anteriormente obtidas.

b) Cumprir toda as estipulacións destas bases e no marco xurídico definido segundo a lexislación vixente na materia.

c) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos proxectos ou actividades, entre elas a subscrición dos correspondentes seguros.

d) Comunicar calquera eventualidade, no momento que se produza, e que afecte ao proxecto ou actividade subvencionado.

e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade dos proxectos e actividades subvencionados a participación do Concello, mediante a inclusión do seu logotipo e anagrama.

f) Reintegrar total ou parcialmente a subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

g) Garantir que a actividade subvencionada se desenvolveu nos que consten na documentación xustificativa da subvención.

10. SEGUIMENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O Concello de Nigrán, polos medios que estime oportunos e conforme á normativa en materia de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a subvención.

11. REINTEGRO E REXIME SANCIONADOR

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos beneficiarios das subvencións, así como a non xustificación total da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o reintegro das axudas aboadas e a prohibición de beneficiarse de outras novas por un período de 2 anos.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

DISPOSICIÓN FINAIS

1. O Concello de Nigrán quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas os beneficiarios das subvencións outorgadas.
2. En todo aquilo non previsto nas presentes bases estarase ao establecido nas disposicións legais vixentes aplicables na materia de subvencións.
3. De acordo coa Disposición Adicional Décima da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, poderanse convocar premios relacionados coa materia obxecto das presentes bases, con cargo ás partidas orzamentarias que no seu caso se indiquen na correspondente convocatoria ditada pola Alcaldía.

A dita convocatoria respectará o contido da Lei referida, agás naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

D/D^a..... con Dni.....
na súa calidade de
ENTIDADE/ASOCIACION.....
con NIF..... domiciliada en
Inscrita no REXISTRO DE ASOCIACIÓNS con data e con nº do Rexistro Municipal
de Asociacións.....
Domicilio para notificacións c/.....
Número de teléfono de contacto.....

EXPON:

Que á vista da convocatoria de subvencións indicada no encabezamento,

SOLICITA:

Lle sexa concedida unha subvención de..... € para os seguintes proxectos:

1., cun custo de €
2., cun custo de €
3., cun custo de €

O custo total ascende a€, para o que se xuntan os documentos requiridos,
dando fe da veracidade dos mesmos e certificándoos.

Documentos que se xuntan:

- 1..... 2.....
- 3..... 4.....

Nigrán, _____ de _____ de 20__

Asdo.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN ANEXO II

MEMORIA XERAL DA ENTIDADE

Nome:

Domicilio:

C.P.:

Teléfono:

CIF:

Ano de Constitución:

Nº Inscripción no Rexistro Municipal:

Ano de elección da Xunta Directiva:

Ámbito de actuación:

Nº de socios:

Nº persoas contratadas:

Nº voluntarios:

Fins:

Relación de programas e actividades desenvolvidos durante o ano anterior:

ORZAMENTO DE INGRESOS ANUAIS DA ENTIDADE

Cotas de socios:

Xerais:

Financeiros:

Subvencións recibidas ou solicitadas a Administracións Públicas:

.....

Outros ingresos:

TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS:

Nigrán, _____ de _____ de 20__

Asdo.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN ANEXO III

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

ENTIDADE /ASOCIACIÓN SOLICITANTE:

CIF:

ENDEREZO:

- a) Fundamentación do proxecto.
- b) Obxectivos que persegue.
- c) Descrición do sector de poboación ó que se dirixe.
- d) Número de destinatarios e idades.
- e) Actividade desenvolvida en galego SI NON
- f) Descrición e desenvolvemento de actividades.

Descrición das actividades e custo:

Temporalización:

g) Recursos humanos e materiais a utilizar.

h) Formas de avaliación do proxecto

- Resultados

- Impacto

i) Orzamento detallado:

1. INGRESOS PREVISTOS:

- a) Subvención solicitada ó Concello de Nigrán.....
- b) Subvención solicitada/concedida a/por outras Entidades/Administración.....
- c) Achega da Entidade solicitante.....
- d) Achega de usuarios.....
- e) Achega de socios.....
- f) Achega doutras entidades.....
- g) Outros.....

TOTAL DE INGRESOS

PREVISTOS

2. GASTOS PREVISTOS:

Tipo Concello Entidade Outras Admóns. Custe Total

Compra material

Arrendamentos

Transporte

Subministros

Servizos Prof.

Outros

TOTAL DE GASTOS

PREVISTOS

Orzamento total do proxecto: €.

Outras subvencións demandas, previstas e recibidas:

.....

.....

Contía total solicitada nesta convocatoria de subvencións: €.

Contía solicitada ou percibida doutras institucións co mesmo obxecto: €.

Nigrán, _____ de _____ de 20__

Asdo.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

**SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN
ANEXO IV**

DATOS DA ENTIDADE BANCARIA

Á QUE SE DEBE TRANSFERIR O IMPORTE DA SUBVENCIÓN

ENTIDADE /ASOCIACIÓN SOLICITANTE:

CIF:

ENDEREZO:

Banco:

Domicilio: c.p.....

Localidade:Provincia.....

IBAN:

*A entidade titular da conta bancaria terá que coincidir coa entidade solicitante da subvención

Nigrán, _____ de _____ de 20__

Asdo.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE (solicitude da subvención)

ENTIDADE /ASOCIACIÓN SOLICITANTE:

CIF:

ENDEREZO:

D./D^a _____, con DNI nº _____, na miña cualidade de _____ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia:

1. Declaro baixo a miña responsabilidade que a entidade/asociación solicitante das subvencións ás que se refire a convocatoria de referencia se atopa ao corrente das obrigas coa Seguridade Social, Facenda de Galicia e Axencia Estatal da Administración Tributaria.

2. Declaro baixo a miña responsabilidade que os gastos nos que poda incurrir a entidade/asociación solicitante en concepto de IVE, en función do seu carácter recuperable ou compensable pola dita entidade/asociación,

Teñen carácter subvencionable

Non teñen carácter subvencionable

3. Autorizo ao Concello de Nigrán a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Facenda de Galicia e da Tesourería da Seguridade Social, a información necesaria a estes efectos acerca dos ingresos da entidade/asociación beneficiaria antes mencionada nos exercicios 2018/2019.

Nigrán, _____ de _____ de 20__

Asdo.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

SUBVENCIÓNS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN ANEXO VI

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:

CIF:

ENDEREZO:

PROXECTO / GASTO SUBVENCIONADO:

D./D^a _____, con DNI nº _____, na miña cualidade de _____ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, de conformidade co establecido nas bases específicas das subvencións para actividades de fomento da práctica do deporte no municipio, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005), presento a conta xustificativa do gasto correspondente ó proxecto / actividade subvencionada.

Que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade e aos gastos subvencionados e que corresponden aos fins da subvención.

Nº

Orde

Factura

Nº e data

Provedor

Nif/Cif

Concepto facturado, descrición

Data e forma de pago

IVA Importe

TOTAL XUSTIFICADO

Nigrán, _____ de _____ de 20__
Asdo.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURALS NO MUNICIPIO – CONCELLO DE NIGRÁN ANEXO VII

DECLARACIÓN RESPONSABLE (xustificación da subvención)

ENTIDADE /ASOCIACIÓN BENEFICIARIA:

CIF:

ENDEREZO:

PROXECTO / GASTO SUBVENCIONADO:

D./D^a _____, con DNI nº _____, na miña cualidade de _____ da entidade/asociación antes indicada, con domicilio a efectos de notificacións no enderezo previamente indicado, declaro ter a condición de representante da entidade/asociación solicitante e ter competencias orgánicas para formular no nome da dita entidade as seguintes declaracións, e, en consecuencia, **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

Que, de conformidade co establecido nas bases específicas das subvencións para actividades de fomento da práctica do deporte no municipio, así como na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Nigrán, aprobada polo Pleno da Corporación o 1 de xullo do 2.005 (B.O.P. nº 141 do 22 de xullo do 2.005),

O proxecto/gasto subvencionado polo Concello de Nigrán:

Non foi obxecto de cofinanciamento por outras entidades, patrocinios, etc.

Foi obxecto de cofinanciamento de acordo cos seguintes datos:

Descrición/obxecto do ingreso/ Procedencia Importe Data do ingreso

Nigrán, _____ de _____ de 20__
Asdo.

